

ACORDO DO 15 DE DECEMBRO DE 2023 DO CONSELLO DE ADMINISTRACION DO CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN ESPECIE PARA A ELABORACIÓN, POR PARTE DO CONSORCIO DE SANTIAGO, DOS PROXECTOS TÉCNICOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E REHABILITACIÓN DOS GRANDES MONUMENTOS DO ÁMBITO DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA INCLUÍDO NA LISTA DE PATRIMONIO MUNDIAL DE UNESCO.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Santiago de Compostela é unha cidade depositaria dun dos legados do patrimonio histórico-cultural máis importantes do mundo e continúa sendo unha referencia como “Primeiro Itinerario Cultural Europeo”, “Patrimonio da Humanidade”, “Patrimonio Histórico Nacional”, “Premio Europa” entre outros.

As características apuntadas hai que engadirlle a súa condición de sede dunha universidade cinco veces centenaria, que forma parte -como segunda natureza- do ser mesmo da cidade, e, ademais, desde a instauración constitucional do Estado das Autonomías, é sede das institucións políticas da comunidade galega.

Ademais, Santiago de Compostela ve fortemente incrementada a súa condición de centro de confluencia nos anos xubilares, en especial, debido ao feito de ser punto de chegada para todos os peregrinos. Este feito unido ás condicións descritas, singularizan sobre maneira a súa situación e enfrontan ás administracións públicas a cubrir unhas necesidades que -aínda que se manifestan e concretan localmente- pasan con moito tal ámbito.

Todo isto demandaba unha acción conxunta das administracións públicas implicadas a través da configuración dun marco e un método específico e estable, co fin de levala a cabo con éxito.

Segundo.- A revitalización e a actualización -organizativa e funcional- por Real Decreto 260/1991, do 1 de marzo, do Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela, supoñen un paso decisivo na orde de preocupacións exposta. Tanto máis, canto que non se limita a crear un simple marco de encontro e coordinación das administracións públicas, senón que incorpora unha previsión constitucional ao posibilitar a creación polas tres administracións dun consorcio de titularidade municipal, de conformidade coa normativa de réxime local. Este consorcio concíbese como un instrumento executivo do esforzo combinado daquelas e a súa pertinencia foi corroborada polo acordo adoptado polo Real Padroado na súa sesión constitutiva do día 11 de xuño de 1991.

O Consorcio, conforme recolle o artigo primeiro dos seus estatutos, foi constituído de común acordo entre a Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela no 28 de abril de 1992, dotado de personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena. Entre os seus fins está tanto o de servir de apoio administrativo e de xestión ao Real Padroado como o de promover e facilitar no ámbito de Santiago de Compostela o exercicio coordinado de todas aquelas accións que deban levar a cabo na devandita localidade as súas administracións fundacionais dirixidas á preservación e revitalización do seu patrimonio cultural nos seus aspectos histórico-artísticos e arquitectónicos.

Terceiro.- O Consorcio de Santiago, desde a súa creación hai 30 anos, veu desenvolvendo unha intensa programación para a recuperación arquitectónica da cidade histórica con actuacións de rehabilitación, conservación e mantemento dos seus inmobles, cos obxectivos de mellorar a calidade de vida dos seus habitantes e garantir a mellor conservación dos bens monumentais integrados no tecido do patrimonio urbano da Humanidade que representa. Diso depende non só o crecemento turístico da cidade, se non xenericamente a competitividade e produtividade dos seus cidadáns e empresas, e tamén, en definitiva, o prestixio internacional da cidade e, sobre todo, a preservación do legado que somos responsables de transmitir ás xeracións vindeiras.

Continuando con este labor e de modo complementario ás convocatorias dos programas TER É MANTER, en vista á insuficiente dispoñibilidade de recursos dos moitos dos titulares de inmobles de carácter monumental para redactar plans de mantemento e proxectos de intervención, e máis aínda realizar as obras, o Consorcio de Santiago pon en marcha este programa experimental. Trátase de apoiar tecnicamente e colaborar cos propietarios e usufrutuarios dos inmobles de carácter monumental, na elaboración de documentacións técnicas e proxectos técnicos de intervención, con medios propios e técnicos externos nos casos necesarios, cos que os beneficiarios poderán acudir a convocatorias de axudas ou a recursos propios para a realización das obras. Este programa será posteriormente avaliado para ver o cumprimento dos obxectivos marcados.

Con este programa trátase, tamén, de fomentar a **cultura do mantemento e a prevención**, optimizando os recursos públicos e privados que se empregan na conservación das cidades históricas, ademais de recuperar as dinámicas de conservación, por economía e por sustentabilidade do sistema público de conservación do patrimonio urbano.

O mantemento é a clave da conservación sostible do Patrimonio Mundial que está ao noso coidado.

En base ao anterior, o Consello de Administración do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela acorda aprobar as seguintes **BASES**:

1.- Obxecto da subvención

1.1.- As presentes bases reguladoras teñen por obxecto a regulación dos criterios e requisitos para a concesión de subvencións en especie dirixidas á elaboración, por parte do Consorcio de Santiago, da documentación e proxectos técnicos para a realización de obras de mantemento e rehabilitación dos grandes monumentos do ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela incluído na lista de patrimonio mundial de UNESCO. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrència competitiva.

1.2.- As subvencións concedidas ao amparo destas bases teñen por obxecto:

- A redacción da documentación e proxectos técnicos para a realización de obras de conservación ou mellora que sexan necesarias no inmovible ou da súa contorna natural e paisaxística, de modo que a dita documentación poida utilizarse para realizar as correspondentes obras, con recursos propios dos particulares ou, no marco de programas de axudas públicas, en colaboración co Consorcio de Santiago ou con calquera outra administración ou institución pública ou privada.

- A dirección facultativa das obras correspondentes á documentación e proxecto técnico do punto anterior.

- A redacción do Plan de Mantemento do edificio.

1.3.- Para os efectos do outorgamento da subvención, entenderanse por obras de mantemento as actuacións de conservación, tal como se definen no artigo 56 do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica, por actuacións de restauración as definidas no artigo 57 e por actuacións de rehabilitación as definidas nos artigos 58 e 63. Así mesmo, entenderanse por obras de interese arquitectónico, histórico ou ambiental de carácter ordinario e por obras de interese arquitectónico de carácter extraordinario, as definidas nos artigos 33 e 34 do devandito Plan.

1.4.- Non serán obxecto de subvención ao amparo das presentes bases os seguintes inmobles:

- Aqueles sobre os que exista unha resolución pola que se declare a existencia dunha infracción urbanística, agás que na proposta presentada inclúanse os traballos de axuste ás determinacións da normativa de aplicación.

- Os inmobles nos que sexa necesario realizar obras encamiñadas a reparar deficiencias derivadas de accidentes cando na orixe deles se detecte a concorrencia de intencionalidade ou negligencia grave da persoa beneficiaria ou dalgunha outra que teña algún dereito de uso sobre o edificio.

- Todo aquilo que teña por obxecto obras ou investimentos iniciados antes da presentación da solicitude.

2.- Requisitos que deberán reunir as persoas beneficiarias

2.1.- Poderán obter a condición de beneficiario destas axudas aquelas persoas ou entidades, públicas ou privadas sen ánimo de lucro, que ostenten a titularidade dun inmovible que cumpra cos requisitos establecidos no artigo seguinte. Tamén poderán obter dita condición aquelas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen ánimo de lucro que, aínda que non ostenten a titularidade do inmovible, acrediten unha cesión de uso ao seu favor do inmovible por un prazo mínimo de 10 anos desde a data de solicitude da subvención.

2.2.- Non poderán obter a condición de beneficiario das axudas reguladas nestas bases aquelas persoas físicas ou xurídicas en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.3.- As persoas beneficiarias ás que se refire o punto 2.1, deberán estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e as obrigas fronte á Seguridade Social, e cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- Requisitos dos inmobles

Os edificios de carácter monumental para os que se redacten as documentacións técnicas obxecto desta convocatoria deben reunir os seguintes requisitos:

- Localizarse no ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela incluído na lista de patrimonio mundial de UNESCO desde 1985 con número 347. O ben denominado “Old Town” inclúe o ámbito do Conxunto de Conxo, polo que o ámbito desta convocatoria é o do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela -PE-1- e o ámbito do Conxunto de Conxo -PE-1R-

- Ter o seguinte nivel de catalogación:

- Nivel 1. Edifícios monumentais e de valor excepcional, arquitectónico, histórico-artístico e cultural no PE1

- Nivel 2. Edifícios de características singulares e de elevado valor arquitectónico, histórico ou cultural no PE1

- Nivel 1 no PE-1R

Os edificios de carácter monumental do ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela -PE1- de nivel de catalogación 1 e 2 e os edificios do ámbito do Conxunto de Conxo -PE-1R- de nivel de catalogación 1 obxecto destas bases reguladoras e convocatoria relaciónanse no anexo I.

- Estaren destinados, polo menos por 10 anos, a un uso característico, maioritario, preexistente ou proposto de oficinas clase III, docente, universitario, sanitario, asistencial, socio-cultural, relixioso, recreativo e administración pública e institucional, segundo o PE1, complementado coa modificación do texto normativo do título III do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela. Normas e ordenanzas reguladoras, aprobado definitivamente o 16 de febreiro de 2023.

4.- Convocatoria

O prazo de presentación de solicitudes será dun MES para partir do día seguinte da publicación do extracto destas bases e convocatoria no *Boletín Oficial do Estado*, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Para o caso de que o último día da presentación de solicitudes ou escritos fose inhábil ou sábado, o prazo prorrogárase ata o seguinte día hábil.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, sito na Rúa do Vilar, 59 (teléfono 981 57 47 00), na sede electrónica do Consorcio de Santiago (www.consorciodesantiago.gob.es) ou por calquera dos medios admitidos na Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común, facendo chegar por fax (981 57 47 50) ou por correo electrónico (gerencia@consorciodesantiago.org) o mesmo día da presentación o resguardo da solicitude; nos termos previstos no artigo 14.2 da Lei 39/2015, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas.

O órgano instructor desta convocatoria de axudas será o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela.

5.- Procedemento de concesión da subvención.

5.1.- A subvención dirixida á elaboración, por parte do Consorcio de Santiago, dos proxectos técnicos para a realización de obras de mantemento e rehabilitación dos grandes monumentos do ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela incluído na lista de patrimonio mundial de UNESCO outorgarase en réxime de concorrència competitiva.

5.2.- A solicitude de subvención realizarase no formulario recolleito no Anexo II.

5.3.- Documentación complementaria.

A documentación para achegar será a seguinte:

- Fotocopia compulsada do DNI ou NIF da persoa solicitante e, no seu caso, da representante, cando non autoricen a consulta telemática ou cando o Consorcio de Santiago non estea en disposición de obtelos, e documentación acreditativa da representación que ostenta.
- Fotocopia compulsada do título que xustifique o dereito co que se concorre: acreditación da titularidade do inmovible ou documento de dereito de uso por un prazo mínimo de 10 anos desde a data de solicitude da subvención.
- Autorización para a realización da intervención proposta no caso de que non conste no documento de dereito de uso.
- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e as obrigacións fronte á seguridade social, cando non autoricen a consulta telemática.
- Memoria descritiva da actuación que se pretende realizar.
- Copia do Plan Director de Restauración, se xa existe, para edificios ou conxuntos de nivel 1 de catalogación, e do Proxecto Integral de Restauración, se existe, para edificios de nivel 2 de catalogación.
- Copia do Plan de Mantemento, se xa existe.
- Levantamento gráfico, se xa existe.
- Copia de calquera outra documentación técnica existente, no seu caso.
- Documentación técnica: A documentación técnica elaborada pola Oficina Técnica do Consorcio deberá ser aceptada polo solicitante para os efectos da idoneidade das obras para executar. Así mesmo, consignarase o expreso recoñecemento da propiedade intelectual do Consorcio de Santiago en relación cos documentos que finalmente se elaboren.
- Declaración da documentación que obra en poder do Consorcio de Santiago segundo o formulario recollido no Anexo III. Se algunha da documentación sinalada consta xa en poder do Consorcio de Santiago, achegarase no seu lugar, debidamente cuberta, esta declaración responsable coa

identificación do expediente que inclúe unha manifestación expresa de que a documentación non sufriu modificacións.

Corrección de defectos: se se observasen defectos na solicitude ou na documentación presentada, concederáse un prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa notificación, para a súa corrección.

5.4.- Consentimentos e autorizacións

A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Por tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano instructor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano instructor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos esixidos polas normas reguladoras do procedemento.

5.5.- Unha vez admitidas a trámite as solicitudes e tomando en consideración os datos achegados polo solicitante validados, os servizos técnicos do Consorcio realizarán unha visita técnica de recoñecemento e emitirán un informe de idoneidade ou non idoneidade das obras que propoñen que sexan recollidas na documentación técnica.

5.6. A valoración das solicitudes realizarase por unha comisión de valoración que será un órgano colexiado constituído para ese efecto e coa seguinte composición:

Presidente: Directora Técnica da Oficina Técnica do Consorcio

Vocais: dous arquitectos coordinadores de proxectos e obras da Oficina Técnica do Consorcio.

Secretario: secretaria da Oficina Técnica do Consorcio

A comisión de valoración emitirá proposta de valoración motivada conforme aos criterios e baremos establecidos na base 6. As solicitudes ordenaranse conforme á puntuación obtida.

En función da dispoñibilidade de persoal técnico propio do Consorcio e das contratacións externas, propoñeráse a redacción dos proxectos beneficiarios que sexa posible acometer. A partida 337.227.06 do orzamento do Consorcio para o ano 2024 habilitada para as contratacións externas que fosen necesarias, ascende a cen mil euros (100.000 euros).

5.7.- Á vista da proposta de valoración realizada pola comisión de valoración, a Xerencia do Consorcio formulará proposta de resolución da concesión, previa instrución do oportuno expediente, cos correspondentes informes técnicos e administrativos da Oficina Técnica do Consorcio, no que se acrediten os requisitos establecidos na presente base.

A proposta de resolución seralles notificada aos solicitantes que fosen propostos como beneficiarios, para que no prazo de dez días manifesten a súa aceptación.

Na proposta de resolución de concesión da subvención especificaranse os seguintes extremos:

- Inmable para o que se outorga.

- Beneficiario/a de a subvención.
- Contía máxima equivalente da subvención en especie.

5.8.- O órgano competente para a resolución do procedemento será a Xerencia do Consorcio de Santiago.

Na resolución de concesión farase constar os extremos que figuran no punto 5.7. destas bases para a proposta de resolución.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir da publicación das presentes bases e convocatoria.

Transcorrido este prazo sen que se notificase a resolución, os interesados están lexitimados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra a resolución expresa ou contra a desestimación por silencio administrativo, os interesados poderán interpoñer un recurso de reposición ou un recurso contencioso – administrativo, por aplicación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso – Administrativa, perante o xulgado do Contencioso - Administrativo de Santiago de Compostela ou ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dependendo da contía equivalente da subvención en especie concedida, xa sexa inferior a 60.000 euros, no primeiro caso, ou superior, no segundo.

6.- Criterios de selección e valoración.

A avaliación das solicitudes realizarase aplicando os criterios que a continuación se expoñen e ata un máximo de 100 puntos.

6.1.- Actuacións que xeren actividade económica, cultural e social. Máximo 35 puntos.

Valoraranse prioritariamente aquelas actuacións que sexan motor de actividade económica non só durante a súa execución e que, ademais, promovan e xeren a cultura e a cohesión social á súa finalización, garantindo, así mesmo, a súa conservación e mantendo a actividade prevista, máis aló do momento da materialización da actuación prevista no proxecto.

Valorarase, por tanto, o compromiso na creación de emprego, especialmente no sector de parados de longa duración, emprego novo e emprego feminino, o fomento de actividade económica no sector da innovación cultural e investigación sobre o patrimonio histórico e a duración destes compromisos. Asignaranse 35 puntos á proposta que comprometa un maior investimento en ambos os campos - emprego e actividade económica-, distribuindo de modo proporcional os puntos entre as demais propostas.

6.2.- Actuacións completas para uso público. Máximo 20 puntos.

Obterán a puntuación máxima de 20 puntos aquelas actuacións susceptibles de ser entregadas ao uso público previsto, unha vez finalizada a actuación. Terán a consideración de actuacións completas

aquelas que, aínda que constitúan unha soa fase dunha obra máis complexa, sexan susceptibles de ser entregadas ao uso público de forma independente ao resto de fases. Valorarase en proporción ao espazo destinado a uso público, o período de tempo destinado a este uso, a súa adecuación ao ben e á necesidade de cubrir ese uso en función das características do ben e da área da cidade ocupada polo mesmo.

Asignaranse 20 puntos á proposta que se comprometa a dedicar máis espazo a uso público durante un período máis longo de tempo, distribuindo de modo proporcional os puntos entre as demais propostas.

6.3.- Oportunidade da actuación. Máximo 20 puntos.

Outorgaranse os puntos en función da prioridade da intervención en relación coa conservación do ben. Valorarase prioritariamente aqueles inmobles de valor patrimonial significativo e cuxo estado de conservación, no momento da convocatoria, sexa deficiente, pero non ruinoso. Neste sentido, valorarase actuacións dirixidas á recuperación de elementos de especial valor histórico-cultural que se teñan deteriorado e dos que se conserve documentación descriptiva suficiente para a súa recuperación, en canto a características formais e construtivas.

Asignaranse 20 puntos á proposta de recuperación e posta en valor daqueles elementos de maior calidade histórico-artística. Poderá obter 20 puntos máis dunha actuación, distribuindo de modo proporcional os puntos entre as demais propostas.

6.4.- Actuacións integrais de conservación de paisaxes ou conxuntos patrimoniais que repercutan na rexeneración da contorna. Máximo 10 puntos.

Valorarase a incorporación de medidas para garantir a biodiversidade facilitando a apertura en relación á rede territorial da cidade. Igualmente, teranse en consideración as características morfolóxicas da intervención desde o punto de vista patrimonial, de maneira que melloren a percepción do conxunto.

Asignaranse 10 puntos á proposta de actuación incardinada en conxunto patrimonial catalogado e que coadxuve á rexeneración do mesmo e á proposta de maior integración da intervención na súa contorna, xa sexa espazo público, espazo de uso comunitario interior ou exterior, ou espazo verde. Poderá obter 10 puntos máis dunha actuación, distribuindo de modo proporcional os puntos entre as demais propostas en función do impacto da actuación na rexeneración da contorna.

6.5.- Levantamento gráfico. 10 puntos.

Obterán a puntuación de 10 puntos os solicitantes que dispoñan de levantamento gráfico do inmovible ou conxunto patrimonial e 0 puntos os que carezan del.

6.6.- Plan de Mantemento. 5 puntos.

Obterán a puntuación de 5 puntos os solicitantes que dispoñan de Plan de Mantemento para o inmovible e 0 puntos os que carezan del.

7.- Orzamento máximo subvencionable

Para o cálculo do orzamento máximo subvencionable, dado que se trata de subvencións en especie, realizarase unha valoración económica equivalente dos honorarios da documentación técnica a elaborar e das tarefas de dirección de obra. A dita valoración equivalente de honorarios, segundo a tipoloxía da documentación, realizarase segundo os criterios e baremos reflectidos nos apartados seguintes.

7.1. Redacción da documentación e proxecto técnico e dirección facultativa da obra

A contía máxima dos honorarios de redacción do proxecto e da dirección facultativa da obra calcularase en función do Orzamento de Execución Material das obras necesarias no inmovible, conxunto ou elemento para o que se solicite.

Non se inclúen os gastos de taxas de licenzas municipais, controis arqueolóxicos, honorarios de Dirección de Execución nin honorarios de Coordinación de Seguridade e Saúde, que correrán por conta do beneficiario.

A contía máxima dos honorarios de redacción do proxecto e da dirección facultativa da obra calcularase coa seguinte fórmula:

$$H1 = PEM \times \% h$$

Sendo:

- H1 Honorarios de redacción do proxecto e dirección facultativa da obra en €
 PEM Orzamento de execución material da obra calculado polos técnicos do Consorcio de Santiago
 % h Coeficiente de honorarios segundo a táboa 02 seguinte

TÁBOA 02			
%h Coeficiente de honorarios segundo o custo de rehabilitación			
PEM	% h	60% Redacción Proyecto	40% Dirección de Obra
PEM < 300.000 €	9 %	5,4 %	3,6 €
300.001 < PEM < 600.000 €	8,5 %	5,1 %	3,4 €
600.001 < PEM < 1.000.000 €	7,5 %	4,5 %	3,0 €
PEM > 1.000.001 €	6 %	3,6 %	2,4 €

A contía mínima de honorarios de proxecto e dirección de obra será de 4.500 €, correspondentes a unha obra de 50.000 € de orzamento mínimo de execución material, a contía máxima de honorarios de proxecto e dirección de obra será de 120.000 € correspondentes a unha obra de ata 2.000.000 € de PEM.

7.2. Redacción do plan de mantemento:

A contía máxima dos honorarios de redacción do plan de mantemento calcularase coa seguinte fórmula:

$$H2 = 2 \times S \times s' \times T$$

Sendo:

H2	Honorarios de redacción do plan de mantemento en €		
S	Superficie do inmovible en m2		
s'	Factor de minoración de superficie:		
	Menos de 500 m2		1,00
	Entre 500 e 2000 m2		0,80
	Más de 2000 m2		0,60
T	Factor tipolóxico:		
	Nivel 1 de catalogación		2,00
	Nivel 2 de catalogación		1,15

8.- Contía da subvención

8.1.- A contía da subvención será do 100% do orzamento máximo subvencionable.

8.2.- A contía da subvención calculada equivalerá á contía da axuda en especie. Esta contía será fixada en euros e o seu montante nunca poderá superar a cantidade fixada, con independencia das variacións á alza que se puideran producir na execución das obras ou circunstancias que non se tiveran en conta no momento da resolución do expediente.

9.- Prazo de execución da dirección facultativa da obra

O prazo de execución da dirección facultativa da obra será de 4 anos desde a resolución de concesión da axuda. Transcorrido devandito prazo, entenderase decaído o dereito do beneficiario a esa parte da subvención en especie.

10.- Revogación da subvención

10.1.- A subvención en especie da dirección facultativa da obra será revogada totalmente nos seguintes supostos:

- a) Negativa do beneficiario para colaborar co Consorcio nas tarefas de control da execución das obras.
- b) Cambios non autorizados ou a comisión de infraccións urbanísticas nas obras obxecto da subvención de dirección facultativa das obras.

c) Falta de comunicación da data de comezo da obra obxecto da axuda de dirección facultativa.

10.2.- A revogación da subvención será declarada pola Xerencia do Consorcio previo expediente contradictorio e con efecto da perda total ou parcial da axuda concedida en función dos incumprimentos detectados.

11.- Obrigas da persoa beneficiaria:

Comunicar ao Consorcio de Santiago, tan pronto como se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias.

12.- Datos de carácter persoal

En cumprimento da normativa europea e española en materia de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os seus datos son recabados polo Consorcio de Santiago de Compostela, con domicilio na rúa do Vilar, 59, de Santiago de Compostela (15705), coa finalidade de atender a súa solicitude e informar das subvencións ou actividades desta entidade que poidan ser do seu interese. A base xurídica do tratamento radica no cumprimento dunha misión realizada en interese público (lei 38/2003 Xeneral de Subvencións e promoción das actividades da entidade). Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal (Base de Datos Nacional de Subvencións ou outras administracións públicas), e serán conservados de maneira indefinida, sen prexuízo de que poida solicitar o cesamento de envíos de información diferente a esta subvención en calquera momento. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición, portabilidade e presentación dunha queixa ante a autoridade en materia de protección de datos se considera que existe un tratamento inadecuado (a través dunha mensaxe ao noso delegado de protección de datos á conta dpd@consorciodesantiago.org).

13.- Lexislación aplicable

13.1.- Esta convocatoria realízase ao amparo da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, cuxos preceptos complementarán e integrarán as determinacións das presentes bases.

13.2.- Será tamén de aplicación a esta convocatoria a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, nos aspectos non regulados expresamente por estas bases, e calquera outra normativa que resulte de aplicación obrigatoria en función da Administración ou entidade que interveña.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2023

Asdo: Belén Hernández Lafuente

Xerente do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela

ANEXO I

Lístanse a continuación os edificios que poden acollerse á axuda para a redacción, por parte do Consorcio de Santiago, dos proxectos técnicos para a realización de obras de mantemento e rehabilitación dos grandes monumentos do ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela incluído na lista de Patrimonio Mundial de UNESCO.

Edifícios do ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela -PE1-, así como a data de declaración BIC, no seu caso, catalogados co Nivel 1. Edifícios monumentais e de valor excepcional, arquitectónico, histórico – artístico e cultural:

1. Capela da Virxe da Fonte
2. Conxunto de San Francisco (Iglesia BIC 16/08/1896, RI-51-0005026)
3. Convento do Carme
4. Convento de Santa Clara
5. Igrexa de Pastoriza
6. Capela de San Roque
7. Hospital de San Roque
8. Igrexa das Angustias de Arriba
9. Conxunto Santo Domingo de Bonaval (iglesia BIC 30/12/1912, RI-51-0000126)
10. Conxunto de San Martiño Pinario (BIC 03/12/2020)
11. Igrexa de San Miguel dos Agros
12. Igrexa das Ánimas
13. Hospital Real (Capilla BIC 30/12/1912, RI-51-0000125; resto BIC 03/03/1931, RI-51-0000543)
14. Igrexa de San Pedro
15. Convento de las Madres Dominicas de Belvís
16. Igrexa do Carme de Abaixo
17. Igrexa do Pilar
18. Pazo de San Lourenzo (BIC 27/04/1979, RI-51-0004356)
19. Igrexa de Santa Susana
20. Casa do Dean
21. Casa do Cabido
22. Pazo de San Xerome
23. Colexio de Fonseca
24. Igrexa de San Frutuoso
25. Colexio de San Clemente
26. Pazo de Raxoi
27. Igrexa de San Fiz de Solovio
28. Conxunto de Santo Agostiño
29. Igrexa de Santa María do Camiño
30. Convento de San Paio de Antealtares
31. Conxunto da Catedral (BIC 22/08/1896, RI-51-0000072)
32. Pazo Arcebispal – Pazo de Xelmírez (BIC 03/06/1931, RI-51-0000538)
33. Igrexa de San Bieito
34. Igrexa de Salomé
35. Convento das Orfas
36. Universidade
37. Antigo edificio da Compañía
38. Convento das Mercedarias
39. Convento da Ensinanza
40. Colexiata Santa María A Real de Sar (BIC 14/08/1895, RI-51-0000071)

Edifícios do ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela -PE1- catalogados co Nivel 2. Edifícios de características singulares e de elevado valor arquitectónico, histórico ou cultural:

1. Paseo da Alameda,
2. Rúa da Algalia de Abaixo, 24
3. Praza das Ameas, (Mercado de abastos)
4. Rúa de Belvís, 2
5. Rúa de Belvís, 6
6. Rúa das Campás de San Xoán, 1
7. Rúa das Casas Reais, 3
8. Rúa das Casas Reais, 8
9. Praza de Cervantes, 15
10. Rúa da Conga, 1-3
11. Corredoiro do Espiño (Finca do Espiño)
12. Rúa do Franco (Padre Sarmiento)
13. Praza de Mazarelos, 15
14. Rúa Nova, 6
15. Rúa Nova, 9
16. Rúa Nova, 21
17. Rúa Nova, 29
Rúa Nova, 31
18. Rúa do Preguntoiro, 1
19. Praza da Quintana de Vivos, 1
Praza da Quintana de Vivos, 2
20. Rúa das Salvadas (Casa de Europa)
21. Rúa de San Francisco (Facultade de Medicina)
22. Rúa de San Miguel, 7
23. Praza do Toural, 4
24. Rúa de Tras Salomé, 7
25. Rúa da Virxe da Cerca (Mestre Mateo)
26. Padre Sarmiento

Edifícios do ámbito do Conxunto de Conxo -PE-1R-catalogados co Nivel 1:

1. A Igrexa, Mosteiro e Hospital Psiquiátrico de Conxo, cos seus xardíns, hortas, accesos e núcleos da contorna.